D. Dinis

Rubrica
Amiga, sei eu bem d'ũa molher
que se trabalha de vosco buscar
mal a voss'amigo, polo matar,
mais tod'aquest', amiga, ela quer
porque nunca com el pôde põer
que o podesse por amig'haver.

E busca-lhi convosco quanto mal
ela mais pode, aquesto sei eu,
e tod'aquest'ela faz polo seu,
e por este preit[o] e nom por al:
porque nunca com el pôde põer
que o podesse por amig'haver.

Ela trabalha-se, há gram sazom,
de lhi fazer o vosso desamor
haver, e há ende mui gram sabor,
e tod'est', amiga, nom é senom
porque nunca com el pôde põer
que o podesse por amig'haver.

[E] por esto faz ela seu poder
pera fazê-lo convosco perder.

cantigas-stag.square-bit.com

© 16/11/2026